

# LIBERTÉ

Albert Serra, 2019

# 617

PASE ÚNICO EN NUMAX: 16.12.2019 | V.O.S.E. | +18

*Liberté* (2019, 133')

**Dirección:** Albert Serra

**Guión:** Albert Serra

**Elenco:** Helmut Berger, Marc Susini, Baptiste Pinteaux, Iliana Zabeth, Lluís Serrat, Laura Poulvet, Théodora Marcadé, Catalin Jugravu, Francesc Daranas, Xavier Pérez, Alexander García Düttmann

**Son:** Jordi Ribas

**Fotografía:** Artur Tort

**Montaxe:** Ariadna Ribas, Albert Serra, Artur Tort

**Vestuario:** Rosa Tharrats

**Produtora:** Andergraun Films, Idéale Audience, Rosa Filmes, Lupa Film (Francia-España)

**Distribuidora:** Elamedia

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Francés, Alemán, Italiano

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Premio Especial do Xurado - Un Certain Regard), Sevilla 2019 (Sección Oficial)

## FILMOGRAFÍA

*A morte de Luís XIV*, 2016  
*Historia de mi muerte*, 2013  
*El cant dels ocells*, 2008  
*Honor de cavallería*, 2006  
*Crespia, the Film not the Village*, 2003

## SINOPSE

1774, uns anos antes da Revolución Francesa, entre Potsdam e Berlín. Madame de Dumeval, o Duque de Tesis e o Duc de Wand, libertinos expulsados da corte puritana de Luís XVI, van en busca do lendario duque de Walchen, un sedutor e libre pensador alemán, sós nun país onde reina a hipocrisía e as falsas virtudes. A súa misión: exportar a libertinaxe, unha filosofía da iluminación baseada no rexeitamento da moral e a autoridade, pero tamén, e sobre todo, encontrar un lugar seguro para continuar os seus xogos maliciosos. As novicias dun convento próximo deixaránse tamén arrastrar por esta noite escura onde só reina a lei do desexo insaciábel?

«Unha experiencia inmersiva, certamente radical, pero sobre todo hipnótica, e finalmente fermosa, por riba da súa fealdade latente»

Philipp Engel, EL MUNDO

# OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX



## “En Europa calquera forma de pensamento leva o xerme da súa destrución”

Entrevista con **Albert Serra**

Por *Ianko López*

**Liberté está ambientada na época das luces pero está rodada de noite e amosa o lado máis irracional do ser humano. Esa era a túa aposta unha vez máis?** Centreime na pulsión do desexo. A pulsión, gústame esa palabra. Esa pulsión que non entende de leis nin de consensos e que nace como dis en metade dese pensamento ilustrado. Iso é algo que sempre ocorre en Europa. Cando nace un movemento, de inmediato agroma unha subversión crítica. É esa pulsión subversiva da vella cultura europea, onde calquera forma de pensamento leva o xerme da súa destrución case inmediata. Isto non ocorre por exemplo en Estados Unidos, que é moito máis naïf, ou en Asia, onde hai máis respecto ao canónico.

**Hai moito sexo no filme, pero é un sexo pouco gozoso. Véndoa pensei nese verso de Mallarmé que di que a carne é triste. Atopo moita tristeza na carne de Liberté.** Pode ser. Tentei abordar o corpo desde a pura materialidade, é dicir, filmando o que a cámara ten diante. Eu non discuto nada cos actores, non lles conto nada, non hai nin ensaios e filmo con longas tomas. Todo se basea na incomunicación con eles. Así que a materialidade da carne está moi exposta e as cámaras escrútana de maneira salvaxe e sen cortapisas, sen que o actor teña ningún agarre. De aí chega a tristura.

**Pero ese é o gran pesadelo dos actores, que o seu director non se comunique con eles. Non é estraño que case sempre traballes con intérpretes non profesionais.** Claro. Comigo están totalmente abandonados, e ademais espidos, así que a fragilidade é aínda maior. Sobre a obra de teatro que antes foi este filme houbo unha crítica moi negativa que, porén, dicía algo que me encantou: «Dúas horas e media de actores abandonados no escenario». Pois esa era exactamente a sensación que eu estaba a procurar.

**O filme chámase Liberté pero o que realmente transmite é a idea do desexo como un tirano. É, daquela, un título irónico?** Máis que de tirano, ten algo de inxustiza e abxección. Gustábame que se pasase do capricho do principio, con eses aristócratas que queren raptar unhas novicias, ao arbitrario que penetra logo. Xa entramos na serialidade, no intercambio de roles, que ten un lado moi escuro que nos subleva.

**Non se cita expresamente, pero a figura do marqués de Sade está moi presente.** É que o filme é como as novelas de Sade, algo moi hixiénico. En lugar de darche ideas quítachas. Baléirate, é como se che limpase a cañería con lixivia. E quedas extenuado como un limón exprimido. Esa sensación é difícil de atopar hoxe en día no cinema, porque os filmes están formateados para dar pracer ao público. Por iso estou moi orgulloso desa atmosfera enrarecida do filme que provoca ese efecto no espectador. Recupera a idea do cinema como experiencia colectiva. Este filme interpela a intimidade de cada un de xeito máis directo que a maioría.

**O filme adquire novos significados estes días tras a subida de VOX nas últimas eleccións. Pregúntome se hai algo de pulsión de morte en que tante xente vote un partido que está claramente en contra dos seus intereses.** A xente está desesperada coa crecente diferenza entre ricos e pobres e o discurso consensual xa non lles vale. A extrema dereita fala desde un punto de vista antiliberal, nacionalista, con valores en moitos sentidos nefastos e iso fai que se sintan identificados. É a única explicación eu lle atopo. Isto é o que provocou o Brexit e a vitoria dun *freak* como Trump en Estados Unidos.

Publicado en [revistavanityfair.es](http://revistavanityfair.es)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### O director

Albert Serra (Banyoles, Girona, 1975) dáse a coñecer en 2006 con *Honor de cavallería*, nomeado por Cahiers du Cinéma como un dos dez mellores do ano. Xa consolidado como un dos cineastas máis talentosos e irreverentes do Estado español asina *El cant del ocells*, Mellor Filme nos Premios Gaudí 2008, *Historia de mi muerte*, Mellor Filme en Locarno 2014 e *A morte de Luís XIV*, Premio Especial nos Feroz 2016.

### OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)